

# ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

## ÍNDICE

- [Os estudos de Artes Plásticas e Deseño](#)
- [Os Ciclos Formativos de Artes Plásticas e Deseño](#)
- [Requisitos de acceso](#)
- [Familias e ciclos](#)
- [Estudos superiores #estudios superiores](#)

## OS ESTUDOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

As ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño comprenden os estudos relacionados coas artes aplicadas, os oficios artísticos, a conservación e restauración de bens culturais e o deseño nas súas diversas modalidades.

Estas ensinanzas organízanse en::

- Ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño.
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, de deseño, de vidro e de cerámica.

## OS CICLOS FORMATIVOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño teñen unha estrutura semellante ós de Formación Profesional Específica.

Estrutúranse en familias profesionais e comprenden un conxunto de ciclos de grao medio e grao superior, organizados en módulos profesionais, cunha formación teórico-práctica no centro e unha formación práctica en empresas, estudos ou talleres, que se leva a cabo unha vez se teñan superados todos os módulos desenvolvidos no propio centro.

Para a obtención do título deberán superar, ademais, unha obra ou un proxecto final.

A duración dos ciclos é variable e oscila entre un mínimo de 950 horas e un máximo de 1950 horas.

## REQUISITOS DE ACCESO ÓS CICLOS FORMATIVOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

O técnico destes niveis educativos deberá posuír unha cultura apropiada, particularmente no que atinxe ao feito e aos fundamentos da expresión artística e ás formas de representación que potencien a súa capacidade creativa e a súa realización práctica.

- **Acceso directo**

Para poder acceder a estes estudos directamente hai que ter a titulación específica (Graduado en Educación Secundaria para os de Grao Medio, Bacharelato para os de Grao Superior) e reunir as condicións que se resumen nesta táboa:

Ciclos de Grao Medio	Ciclos de Grao Superior
<ul style="list-style-type: none"><li>• Que posúa o título de técnico ou técnico superior de artes plásticas e deseño nun ciclo da mesma familia profesional ó que pretenda acceder.</li><li>• Que teña superados os tres cursos comúns correspondentes ao plan de estudos de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.</li><li>• Que superase os dous cursos comúns do</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Que posúa o título de Bacharel na modalidade de Artes e teña superadas as materias de <i>Fundamento de deseño</i> e as dúas materias propias da modalidade que se determinan para cada ciclo e que podes consultar no anexo I</li><li>• Que superase os estudos experimentais de bacharelato artístico definido na orde de 21-</li></ul>

plan experimental de ensinanzas artísticas de Galicia.	10-1986. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que posúa o título de técnico superior de artes plásticas e deseño noutro ciclo formativo da mesma familia profesional.</li> <li>• Que estea graduado en artes aplicadas e oficios artísticos da familia profesional á que pretende acceder.</li> </ul>
--	---

- **Acceso mediante proba**

Os alumnos que non reúnan ningunha das condicións expostas no apartado anterior poderán acceder a estes ciclos mediante unha proba específica. Para poder presentarse a esta proba específica é preciso cumprir determinados requisitos. Na táboa seguinte resúmense estes requisitos, así como a composición da proba de acceso específica.

<b>Acceso ós ciclos formativos mediante proba específica</b>	
<b>Rquisitos para a proba de grao medio</b>	<b>Rquisitos para a proba de grao superior</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou ter superados estudos equivalentes a este.</li> <li>• Superar a proba de acceso ós ciclos de grao medio que se establece na orde do 23 de xullo de 2003.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estar en posesión do título de bacharel ou ter superados estudos equivalentes a este.</li> <li>• Superar a proba de acceso ós ciclos de grao medio que se establece na orde do 23 de xullo de 2003.</li> </ul>
<b>Proba de acceso a Ciclos de Grao Medio</b>	<b>Proba de acceso a Ciclos de Grao Superior</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>1º exercicio:</b> desenvolver por escrito un tema sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos.</li> <li>• <b>2º exercicio:</b> realizar debuxos e bosquexos sobred un tema proposto para a súa posterior aplicación.</li> <li>• <b>3º exercicio:</b> execución cos bosquexos e debuxos realizados no segundo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>1º exercicio:</b> desenvolver por escrito un tema relacionado coas artes plásticas. Valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.</li> <li>• <b>2º exercicio:</b> realizar debuxos e bosquexos sobred un tema proposto para a súa posterior aplicación</li> <li>• <b>3º exercicio:</b> execución, cos bosquexos e debuxos realizados no segundo exercicio, dun traballo relacionado co ciclo ao que aspira a acceder.</li> </ul>

## FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS IMPARTIDOS

Na táboa seguinte resumimos os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño que se imparten na actualidade.

<b>FAMILIA</b>	<b>CICLOS DE GRAO MEDIO</b>	<b>CICLOS DE GRAO SUPERIOR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes aplicadas á indumentaria.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estilismo de indumentaria</li> <li>• Modelismo de indumentaria</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes aplicadas de escultura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dourado e policromía artísticos.</li> <li>• Ebanistería artística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes aplicadas da escultura</li> <li>• Artes aplicadas da</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Talla artística en madeira</li> </ul>	madeira
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes aplicadas ao libro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gravado calcográfico</li> <li>• Serigrafía artística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gravao e técnicas de estampación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cerámica artística</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cerámica artística</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño de interiores</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxectos e dirección de obras de decoración</li> <li>• Arquitectura efímera</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño gráfico</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fotografía artística</li> <li>• Gráfica publicitaria</li> <li>• Ilustración</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño industrial</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Moblaxe</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xoiaría da arte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Procedementos de xoiaría artística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xoiaría artística</li> </ul>

## ESTUDOS SUPERIORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Os estudos superiores teñen unha denominación similar á dos ciclos formativos de grao superior, aínda que cómpre consideralos á parte, xa que tanto a súa tipoloxía como a titulación á que dan lugar son diferentes.

Comprenden os seguintes estudos:

- Conservación e restauración de bens culturais nas especialidades de:
  - Arqueoloxía.
  - Pintura
  - Escultura
  - Documentación gráfica
  - Téxtiles.
- Deseño, nas especialidades de:
  - Interiores.
  - Moda
  - Produtos
  - Gráfica.
- Vidro
- Cerámica.

Para o acceso a estes estudos, o alumnado deberá posuír o título de bacharel (ou equivalente) e superar unha proba específica que valorará a madurez, os coñecementos e as aptitudes necesarias para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

Poden acceder directamente aqueles que posúan algún dos títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño, ou equivalente, para os que se reservará un 25 % das prazas ofertadas. deseño, ou equivalente, para os que se reservará un 25 % das prazas ofertadas.

## ANEXO I

### Acceso directo ós ciclos de grao superior Materias de modalidade necesarias para o acceso a cada familia

Familia profesional	Materia de modalidade
<ul style="list-style-type: none"><li>• Artes aplicadas á indumentaria</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico I</li><li>• Técnicas de expresión gráfico-plástica</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Artes aplicadas da escultura</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico II</li><li>• Volume I</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Artes aplicadas ao libro</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico I</li><li>• Imaxe</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Cerámica artística</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico II</li><li>• Volume I</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Deseño de interiores</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico II</li><li>• Debuxo técnico</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Deseño gráfico</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico I</li><li>• Imaxe</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Deseño industrial</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico II</li><li>• Debuxo técnico</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Xoiería de arte</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Debuxo artístico II</li><li>• Volume I</li></ul>